

Bases da promoción "VIVE A MAXIA DE MERCAR LOCAL".



Do 18 setembro
15 de outubro

VIVE A MAXIA DE MERCAR LOCAL

PARTICIPA 

Rexistra o teu ticket na nosa web
Sorteamos máis de
900€ en premios

**Descontos para os espectáculos
de maxia en cada compra**
Consulta os espectáculos e horarios



COFINANCIA  XUNTA DE GALICIA

ORGANIZA 

COLABORAN //ABANCA   



1.- OBXECTO

A Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo (FECIMO), a través das asociacións locais de comerciantes de Bueu (ACIBU), Cangas (ACICA) e Moaña (ACIMO), desenvolverá **do 18 de setembro de 2023 ao 15 de outubro de 2023**, ambos inclusive, a promoción **“VIVE A MAXIA DE MERCAR LOCAL” (de aquí en diante CAMPAÑA)**. Esta Campaña pretende transmitir aos consumidores un atractivo promocional que incentive a realización das compras nos establecementos asociados adheridos, ofrecendo a posibilidade de acadar importantes premios.

2.- ÁMBITO DA PROMOCIÓN

Esta promoción terá o seu ámbito nos establecementos comerciais e demais empresas integradas na Federación a través das súas asociacións, que decidan voluntariamente participar na mesma (sempre e cando os mesmos atópanse abertos ao público e en normal funcionamento durante o período indicado). Un establecemento que non participe na campaña non poderá rexistrar os seus tickets de compra na promoción nin canxear os tarxetas regalo do comercio local entregadas como premio das mesmas.

As bases estarán publicadas e dispoñibles nas páxinas webs www.fecimo.es e www.comerciodomorrazo.com.

3.- PREMIOS

Os premios que constitúen a presente campaña consisten en tarxetas regalo do comercio local* para mercar nos establecementos adheridos á campaña, por un importe total bruto antes de retencións/ingresos a conta de **900 €**, repartidos da seguinte forma:

PREMIOS SORTEOS COMPRAS Aportados pola organización:

- **Tarxetas regalo por importe de 900€.** (A distribución realizarase en sorteos de 300€ por localidade e o número final de premios entregados por sorteo será o resultante da suma das operacións premiadas no sorteo ata acadar o límite orzamentario por sorteo).

Os importes individuais de cada premio coincidirán co importe do ticket/factura de compra rexistrada, cos seguintes límites:

- Importe máximo de premio individual: **120€.** **Todos os tickets/facturas de compra de importe superior a 120€ poderán participar na campaña pero o importe máximo de premio a recibir será de 120€).**

*FECIMO resérvase o dereito a entregar aos gañadores outro premio de iguais ou similares características.



PREMIOS VALE DESCONTO ESPECTÁCULOS MAXIA Aportados pola organización:

- Coas **compras** realizadas no **comercio local** por **importe superior a 10€**, as persoas consumidoras poderán recibir **vales desconto para para os espectáculos de maxia** que se celebrarán os **días 06, 08 e 11 de novembro** nas localidades de **Moaña, Bueu e Cangas** respectivamente.
- Para **obter unha entrada** para os devanditoas espectáculos, as persoas consumidoras **deberán retirala nas taquillas habilitadas ao efecto no recinto onde se celebra o espectáculo dende unha hora antes da celebración do mesmo**.
- O custe das entradas para os espectáculos de maxia é de 6€ por persoa e entrada. Presentando o vale de desconto obtido no comercio local o prezo da entrada será de 1€ (desconto de 5€ aplicable a unha única entrada).
- Cada entrada será válida para unha única persoa.
- **Unha única compra só dará dereito a un vale desconto.**
- A dispoñibilidade de entradas estará determinada polo aforo da sala. A organización do evento porá entradas a disposición do público final ata esgotar o aforo da sala. Nese momento, e por motivos de seguridade, deixaranse de vender entradas.



Modelo tarxeta canxeable por desconto nas entradas.

4.- DEREITO A PARTICIPAR E ACCESO Á PROMOCIÓN.

Trátase dunha promoción dirixida aos clientes-consumidores das empresas asociadas adheridas. Pode participar calquera persoa física que realizara algunha compra ou servizo no comercio ou empresa asociada participante durante o período de vixencia da promoción (**do 18 de setembro de 2023 ao 15 de outubro de 2023**).

A cada cliente por cada compra superior a 10€ entregaráselle o seu correspondente ticket ou factura de compra, válida para un só uso, que o consumidor poderá rexistrar calquera día da semana, as 24 horas do día, dende o **comezo da campaña o día 18 de setembro do 2023 e ata ás 23:59h do 15 de outubro de 2023** a través da web:

www.comerciodomorrazo.com/sorteos.



Unha vez chega a data e hora de remate da campaña deshabilitarase a posibilidade de que os participantes continúen rexistrando participacións.

Aquelas persoas que non contan con medios técnicos ao seu alcance para o rexistro de tickets, poderán acudir á sede de FECIMO para rexistrar a súa participación.

Para participar no sorteo de premios finais os usuarios deberán introducir no rexistro web, **OBRIGATORIAMENTE**, o número de ticket ou factura de compra, **seleccionar o establecemento ao que pertence o ticket** xunto coa seguinte información:

- ESTABLECIMENTO DA COMPRA
- NÚMERO DE TICKET DE COMPRA
- IMPORTE DA COMPRA
- NOME
- APELIDOS
- TELÉFONO de contacto
- E-MAIL para notificacións
- LOCALIDADE DE RESIDENCIA



Unha vez cumprimentados os campos requiridos de xeito correcto, o sistema rexistrará a participación na base de datos do sorteo. Na promoción entran en xogo todos os tickets rexistrados (emitidos en tempo e forma polos establecementos participantes), polo que cantos máis tickets/facturas teña unha persoa rexistrados, máis posibilidades terá de resultar premiada/o.

Os gañadores finais serán publicados nas páxinas web www.fecimo.es e www.comerciodomorrazo.com e serán contactados polo promotor dacordo cos datos do rexistro.

É imprescindible gardar o TICKET ou FACTURA de compra posto que solicitaráselle, se resulta premiada/o.

Cada cliente poderá participar tantas veces como tickets/facturas obteña mediante a compra ou contratación de servizos, aumentando deste xeito as súas probabilidades de resultar agraciado cun dos premios da campaña.

A presente promoción farase con igualdade de oportunidades e con estrito respecto ás normas básicas da boa fe. Por elo, calquera utilización abusiva ou fraudulenta destas bases dará lugar á conseguinte exclusión do participante na promoción.

Todos os datos introducidos polo participante deberán ser veraces. No suposto de que o participante rexistrárase con datos falsos, e-mail falso ou do que non é titular, ou utilizara de xeito inadecuado tecnoloxía informática para acadar obxectivos fraudulentos, non se terá en conta e quedará excluído da promoción e da posibilidade de optar a premio algún.

A constatación de calquera destas circunstancias suporá a descualificación automática do participante. No caso de constatar as citadas irregularidades con posterioridade á aceptación do premio, FECIMO, resérvase o dereito a exercer todas as accións legais que lle asistan contra os infractores.



ESPECTÁCULOS DE MAXIA

Ademais do ticket de compra, se a persoa consumidora desexa participar dos espectáculos de maxia poderá solicitar, á persoa comerciante, o vale desconto para presentar na taquilla do correspondente espectáculo.

O vale desconto, poderá canxearse por unha entrada para calquera dos espectáculo de maxia a celebra. O canxe podera efectuar nas taquillas dos correspondentes recintos dende **UNHA HORA ANTES AO INICIO DO MESMO.**

Os espectáculos serán os seguintes:

- Espectáculo **“Maxia, misterios e outras historias”** -> día 06 de outubro na Sala Celso Parada do Centro Sociocultural Daniel Castela de Moaña (horario de 19:00h a 20:00h).
- Espectáculo **“Maxia con desgarmo”** -> día 08 de outubro no auditorio do Centro Social do Mar de Bueu (horario de 18:00h a 19:00h).
- Gran gala **“Magia en la manga”** -> día 11 de outubro no auditorio municipal de Cangas (horario de 19:00h a 20:30h).

Para canxear o vale desconto, a persoa portadora deberá entregar dita tarxeta na taquilla habilitada na entrada do recinto, e os representantes da organización entregarán a entrada ao prezo de 1€. Cada vale desconto só se pode aplicar a unha entrada e cada entrada habilita a unha persoa para entrar ao recinto.

O canxe de vales desconto estará supeditado á existencia de entradas dispoñibles para cada evento. Os aforos máximos de cada espectáculo serán os seguintes:

Espectáculo **“Maxia misterios e outras historias”** -> 150 localidades.

Espectáculo **“Maxia con desgarmo”** -> 220 localidades.

Espectáculo **“Gala Magia en la manga”** -> 600 localidades.

Unha vez esgotadas as localidades en cada evento, a organización resérvase o dereito de non canxear máis vales desconto nin vender máis entradas.

5.- PROCEDEMENTO DO SORTEO DE PREMIOS FINAIS

Os tickets/facturas rexistrados entre as datas de celebración da campaña participarán no sorteo dos premios finais da Campaña especificados no apartado de PREMIOS.

O sorteo realizarase o día 16 de outubro ás 12:00h na sede de Fecimo. Se por mor de causas alleas á organización non se puidera levar a cabo o sorteo na data indicada, a organización realizará o sorteo na primeira data libre unha vez solventada a incidencia que dese lugar á demora, sempre respectando as datas que entrarían en competición en cada sorteo.



O sistema de SORTEO será o seguinte:

- 1.- O sistema, extraerá ALEATORIAMENTE, un rexistro (ticket rexistrado) da base de datos.
- 2.- O sistema descontará o importe declarado no ticket/factura de compra rexistrada, do orzamento de premios do sorteo en vigor.
- 3.- O sistema seguirá extraendo aleatoriamente rexistros (premios) ate que o orzamento de premios sexa 0€, é decir, se acaden os 900€ en premios entre as 3 localidades.

6.- ENTREGA E ACEPTACIÓN DOS PREMIOS

Para a entrega dos **PREMIOS**, unha vez o sistema detecte que o participante obtivo un premio, automaticamente enviaráselle unha mensaxe por e-mail (ao enderezo de e-mail facilitado no rexistro) acreditándoo como premiado/a. No prazo de 10 días hábiles o premiado deberá confirmar a aceptación do premio identificándose ante FECIMO (vía e-mail) séndolle requirido nese momento a presentación do ticket/factura de compra premiada co fin de comprobar a veracidade dos datos introducidos no rexistro. No suposto de que o gañador non aceptara o premio nas condicións e prazos establecidos ou non puidera ser localizado mediante os datos facilitados o premio quedará deserto e acumularase para o seguinte sorteo en vigor.

Ningún dos premios da presente promoción poderá ser obxecto de cambio, alteración, compensación o cesión a petición dos gañadores.

Os gañadores/as de calquera dos premios deberán gastalos nos establecementos adheridos á campaña, nun prazo de **1 MES dende a obtención do premio.**

(establecese como data límite para o gasto dos premios: 30 de novembro de 2023).

7.- OUTRAS CONDICIÓNS DOS PREMIOS

En calquera dos casos, os premiados deberán entregar o ticket/factura de compra premiado, nos prazos establecidos previamente para a identificación do premiado.

Unicamente será decisión de FECIMO, non requirilo, no caso en que outras circunstancias de clara evidencia, acrediten a condición de premiado.

FECIMO resérvase o dereito a non aceptar tickets/facturas de compra ou tarxetas ilexibles, manipulados, falsos ou con calquera defecto ou anomalía que impidan o seu recoñecemento ou validez de participación nesta promoción.

O período de reclamacións ao promotor finaliza en 10 días hábiles transcorridos dende a comunicación ao gañador.



8.- LIMITACIÓNS PARA PARTICIPAR

FECIMO resérvase o dereito, se concorre causa xusta e previa comunicación de xeito legal, a efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar esta promoción.

A simple participación implica a aceptación destas bases na súa totalidade, polo que a manifestación, no sentido da non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia, FECIMO, quedará liberada do cumprimento da obriga contraída con dito participante.

Así mesmo, os participantes comprométese a admitir a decisión interpretativa que FECIMO poida darlle sobre as presentes bases ou sobre calquera cuestión derivada da promoción contemplada nestas.

O gañador de calquera dos premios non poderá ser o propietario/titular/socio, os seus empregados, cónxuxe, nin familiar de 1º grao descendente ou ascendente (fillos/pais) do establecemento onde fora entregada o ticket de compra.

Dada a imposibilidade material por parte de FECIMO de identificar as persoas mencionadas anteriormente, de resultar calquera delas agraciadas e de coñecerse tal circunstancia, excluírase como premiado quedando dito premio deserto.

Así mesmo, se a persoa que figura no boleto gañador fose un menor, poderá representalo os seus pais ou titor legal.

9.- EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADES

- FECIMO non se responsabiliza do uso que do premio realice o agraciado e non será responsable dos servizos nin produtos que terceiras empresas deban prestar con motivo do premio desta promoción.
- FECIMO non será responsable se o ticket/factura de compra é ilexible, incorrecto, está danado, perdeuse, subtraeuse ou calquera outra circunstancia allea ao promotor que anule o dereito do gañador a reclamar o premio.
- FECIMO non será responsable por danos e prexuízos de calquera natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade das redes de telecomunicacións ou a web ou o microsite mediante o cal participa na promoción.
- FECIMO non será responsable se ao tratar de contactar co teléfono do gañador ou o seu correo electrónico están fora de servizo ou non reciben axeitadamente.

10.- DEREITOS E DEBERES DE PARTICIPANTES E GAÑADORES.

10.1._ REPERCUSIÓN FISCAL

FECIMO non se fará cargo dos impostos derivados da entrega dos premios, salvo aqueles que por lei correspóndalle satisfacer, e, no seu caso, practicará o ingreso a conta ou a retención que poida corresponderlle en virtude da lexislación aplicable.

a) De conformidade coa normativa do IRPF os premios desta promoción estarán suxeitos á normativa fiscal en vigor en cada momento, actualmente a **Lei 35/2006, de 28 de novembro do IRPF**, modificada pola Lei 26/2014 de 27 de novembro, o



Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do IRPF, o Real Decreto 2004/2009 de 23 de decembro e o **Real Decreto-Ley 9/2015** que modifica o anterior.

Neste marco legal, establécese que os premios derivados da participación en xogos, concursos, rifas, ou combinacións ao azar vencelladas á venda e promoción de bens e servizos están suxeitos ao ingreso a conta sempre e cando a base de retención ou ingreso á conta do premios sexa superior a 300 €.

b) Con independencia do establecido no punto anterior, o premiado queda obrigado ao cumprimento das súas obrigas contables e fiscais. En concreto, e como suxeito beneficiario do premio deberá declarar e incorporar na súa base imponible xeral do seu IRPF, a valoración neta do premio.

c) FECIMO queda relevado de calquera responsabilidade relativa ás obrigas fiscais que para o agraciado puideran derivarse da obtención do premio.

10.2._ TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A ORGANIZACIÓN respecta a lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a privacidade dos usuarios e o secreto e seguridade dos datos persoais, de conformidade co establecido na lexislación aplicable en materia de protección de datos, en concreto, a Lei Orgánica de 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais (LOPDGDD), adoptando para iso as medidas técnicas e organizativas necesarias para evitar a perda, mal uso, alteración, acceso non autorizado e roubo dos datos persoais facilitados, tendo en conta do estado da tecnoloxía, a natureza dos datos e os riscos aos que están expostos.

En concreto, infórmase os usuarios do portal que os seus datos de carácter persoal só poderán obterse para o seu tratamento cando sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación co ámbito e as finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para as que se obtiveron.

A ORGANIZACIÓN informa de que os datos proporcionados por calquera medio polos participantes da promoción na web www.comerciodomorrazo.com serán incorporados a un ficheiro automatizado responsabilidade da entidade, coa finalidade de xestionar o seu acceso e participación na presente promoción

Os participantes poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. Establécense como puntos de contacto para os interesados o seguinte correo electrónico fecimo@fecimo.es Así mesmo, establécense como punto de contacto presencial para os interesados o seguinte domicilio, Avda de Vigo nº 91-baixo, 36940 Cangas (Pontevedra).

A ORGANIZACIÓN adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.



10.3 CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Os gañadores nesta promoción autorizan a que se tomen fotografías e se graven imaxes en soporte audiovisual así como a súa reprodución, uso, e difusión do seu nome, apelidos e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promocional relacionada coa promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración económica ou en especie ou beneficio algún.

A cesión inclúe os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública de gravacións ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio exclusivamente relacionadas con este certame, sen restrición algunha, no seu estado orixinal ou procesadas e alteradas de calquera xeito, en todo ou en parte, en calquera medio visual, impreso ou electrónico presente ou que se poida desenvolver no futuro como serían entre outros, exposicións, revistas, libros, diarios, televisión, valos publicitarios, folletos, puntos de venda, CD Rom ou DVD, sitios de Internet ou similares, con calquera obxecto lícito o que inclúe, entre outros, publicidade, promocións, contido editorial e anuncios.

10.4 ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na presente promoción supón a aceptación íntegra das presentes bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a ORGANIZACIÓN. Para verificar esta aceptación ao participante solicitarase a aceptación expresa no momento de validación de códigos. No caso de diverxencia entre os participantes na promoción e a interpretación das presentes bases pola ORGANIZACIÓN, serán competentes para coñecer dos litixios que poidan plantexarse os Xulgados e Tribunais de Cangas do Morrazo, renunciando expresamente os participantes desta promoción ao seu propio fuero, de resultar distinto ao aquí pactado.

En Cangas, a 18 de setembro de 2023


rodrigopastorizafervenza
Xerente de FECIMO